

EN TORNO ÓS DEBUXOS QUE LE CORBUSIER REALIZOU EN GALICIA

Por PLACIDO LIZANCOS MORA
Profesor da E.T.S.A.

A magnífica colección de cadernos de viaxe de Le Corbusier —por el chamados *carnets*— que dado o seu carácter íntimo, só puido ser estudiada tralo seu pasamento, plasma en setenta volumes un inxente número de imaxes espontáneas e nada preciosistas obtidas durante unha vida adicada á reflexión e a análise do hábitat humano.

O obxecto deste breve traballo é o de analizar dous dos debuxos do *carnet* denominado B4, que LC realizara co gallo da súa primeira viaxe a Sudamérica. Estes debuxos representan escenas de Vigo e da súa ría.

LE CORBUSIER EN GALICIA

En setembro de 1929 Le Corbusier viaxa a Sudamérica invitado por diversas entidades culturais e profesionais para dictar conferencias en Bos Aires, Montevideo e Río de Xaneiro, regresando a París en decembro dese mesmo ano.

Pese a ter realizado numerosos desprazamentos locais en avión —dos que quedara fondamente impresionado— a travesía do Atlántico ía realizala no *Giulio Cesare*, un dos transatlánticos que enlazaban o norte de Europa coa Arxentina realizando escalas na Coruña, en Vigo e Lisboa para recoller emigrantes.



3. Le Corbusier autorretratado con Josephine Baker en Río. Lapis de cor sobre cartolina.

OS DEBUXOS

Diciamos anteriormente que no caderno B4 hai dous debuxos referidos a Galicia. O primeiro deles, trazado na propia capa do caderno é unha vista da cidade de Vigo realizada dende o barco surto na ría. Nesta imaxe recoñécese o castelo do Castro, que coroa o monte do seu mesmo nome. As edificacións da daquela pequena cidade amoréanse na aba do monte inmediata á beiramar. Entre estas sobresaen a silueta da Colexiata e a dun desaparecido tinglado portuario localizado preto da batería da Laxe. Ó lonxe, nun segundo plano pero case no centro da imaxe, destaca a característica silueta do Monte do Galiñeiro.

Curiosamente este debuxo non foi correctamente identificado por Le Corbusier xa que as anotacións manuscritas situadas nos cantos superior e inferior da marxe dereita da folla refírenno indistintamente á Coruña e a Vigo. Por este motivo este esquizo está catalogado na Fundación Le Corbusier de París como relativo á Coruña.

O segundo debuxo, numerado co 3 —o que nos fai supoñer a desaparición doutro intermedio— leva a anotación manuscrita «Vigo» na esquina inferior esquerda da folla e a de «Uriburer. M.^{ser} Ricardo Guiralde» na inferior dereita. As nosas pescudas tentando averiguar a significación do nome e apelidos aquí anotados resultaron infructuosas dado que na prensa da época por nos consultada —tanto viguesa como coruñesa— non só non aparece referido o *Giulio Cesare* entre os numerosos transatlánticos que daquela tocaban nos portos de Galicia senón que tampouco se reflicte a presenza de ilustres viaxeiros en tal barco. Isto danos fe do nulo recoñecemento que a sociedade galega da época tiña dun arquitecto que naquel intre xa proxectara unha das grandes obras da arquitectura do século: a Vila Savoie.

Alén das enigmáticas notas manuscritas arriba referidas o contido gráfico do esquizo é moi claro e interesante. En primerio plano aparece unha dorna navegando coa súa vela despregada. De trás dela o perfil da costa no que se recoñece o Monte Ferro. Nun plano máis alonxado, conformando o fondo do debuxo, a Serra da Groba.


No debuxo represéntase, ademais dun vapor que se alonxa no horizonte cara ó ponente, unha dorna do xeito. Esta embarcación que cos seus oito ou dez metros de eslora era a raíña das embarcacións adicadas ó tráfico costeiro en Galicia está hoxe totalmente extinguida. Na actualidade nas costas das rías baixas sobreviven, cun futuro nada claro, as dornas pequenas, cunha eslora de entre catro e seis metros, carentes de vela.

O debuxo de Le Corbusier acada así a categoría de documento etnográfico. Nel a embarcación está representada con todo detalle: o mastro aparece fortemente inclinado cara á popa, lugar onde está sentado o mariñeiro que dirixe a embarcación, a proa é lanzada, o cuaño é estreito por debaixo da liña de flotación e incluso reflíctese a tradicional decoración branca e negra (que recentemente a CEE pretendeu, de acordo cunha normativa de seguridade marítima, substituír pola cor naranxa).


O máis coñecido debuxo deste caderno é aquel, realizado en vivas cores, no que Le Corbusier se autoretrata con Josephine Baker diante do Pão de Sucre en Río. Esta muller coincidirá con LC na viaxe cara á Arxentina onde ela acudía para realizar unha actuación. A relación xurdida entre ambos mesmo levou a LC a deseñarlle a coreografía duns dos seus espectáculos. Na páxina quince do *carner* o propio LC describe polo miúdo a que sen dúbida pode considerarse como a súa máis rechamante obra.



5. Fotografía dunha dorna do xeito.



1. Vista da cidade de Vigo. Tamaño orixinal 17 x 11 cm. Lapis sobre papel.



2. Vista da ría de Vigo. Mesmo tamaño e técnica.

Fig. 1.—Las ciudades costeras han ido modificando paulatinamente la línea de la costa para obtener nuevas áreas de expansión urbana. Bostón: terrenos ganados al mar desde 1775.

Fig. 2.—El desarrollo urbano de Nueva York en el privilegiado escenario natural de la desembocadura del Hudson. De los 5 distritos —Manhattan, Brooklyn, Queens, Staten Island y Bronx—, sólo este último se ubica en el continente y los restantes están contruidos sobre islas.

Figs. 3 y 4.—La insularidad de Manhattan ofrece un larguísimo perímetro costero que sin embargo no se utiliza, salvo excepciones —Battery Park, Area de la ONU— para emplazamiento de enclaves cívicos significados, y además de las instalaciones portuarias está ceñido por una autopista perimetral de gran densidad de tráfico que establece una barrera entre la costa y la ciudad. La operación de remodelación de una de las partes más antiguas del puerto —South Street Seaport Museum, Pier 17— constituye un ejemplar modelo de apertura de la ciudad hacia la costa.




Fig. 4